# III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 13 de abril de 2009, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas, pola que se dá publicidade á adhesión de diversas entidades locais ao convenio marco asinado entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia.*

Con data do 17 de abril de 2007 asinouse un convenio marco de colaboración entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia que ten como obxectivo o desenvolvemento das actuacións precisas para establecer, no ámbito territorial de Galicia, unha rede de espazos comúns de atención ao cidadán que permitan a prestación de servizos integrados de información, orientación, atención e tramitacións sobre determinados aspectos da actividade administrativa, coordinando para tal fin o exercicio das competencias das administracións intervinientes, entendendo por tales as asinantes do convenio e as que se adhiran nun futuro.

Entre as medidas tendentes a lograr o mencionado modelo de funcionamento administrativo destaca a de implantar, nas entidades locais que se adhiran, oficinas integradas de atención ao cidadán que se clasificarán, segundo o establecido na cláusula segunda do convenio, en función das súas capacidades e o nivel de servizos que presten.

O convenio marco establece, na súa cláusula décimo segunda, que as entidades locais interesadas en adherirse poderán solicitalo á Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia sempre que, xunto coas súas solicitudes, cumprisen cos requisitos que a dita cláusula determina, circunstancia que foi comunicada no seu momento ás entidades locais de Galicia.

Solicitada a adhesión polas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia que se relacionan no anexo e aceptadas pola Comisión de Seguimento e Avaliación do Convenio segundo o previsto nas cláusulas sétima e décimo segunda, procede agora a publicación desta adhesión no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade co acordado entre a Administración xeral do Estado e a comunidade autónoma en reunión da Comisión de Seguimento e Avaliación do Convenio, a inserción no *Diario Oficial de Galicia* a que se fai referencia, por razóns de eficacia e para lles evitar un trámite máis ás entidades locais, realízaa a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

En consecuencia,

*RESOLVO:*

Primeiro.-Publicar, como anexo a esta resolución, a relación de entidades locais que se adhiren ao convenio marco asinado entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia.

A partir da data desta publicación no *Diario Oficial de Galicia*, os cidadáns poderán presentar documentos dirixidos á Administración xeral do Estado ou á Comunidade Autónoma de Galicia nos rexistros destas entidades locais.

Segundo.-Comunicar a aceptación destas adhesións e o acordado na reunión da Comisión de Seguimento e Avaliación do Convenio ás entidades locais afectadas.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2009.

Juan José Gómez Romero
Director xeral de Calidade e Avaliación
das Políticas Públicas

*ANEXO*

| Denominación | Provincia | Tipo entidade | Nivel servizos |
|---|---|---|---|
| A Baña | A Coruña | Concello | Oficina de contacto |
| Boborás | Ourense | Concello | Oficina de contacto |
| Cuntis | Pontevedra | Concello | Oficina de contacto |
| Mondoñedo | Lugo | Concello | Oficina de contacto |
| Muíños | Ourense | Concello | Oficina de contacto |
| Outes | A Coruña | Concello | Oficina de contacto |
| O Páramo | Lugo | Concello | Oficina de contacto |
| Ponteareas | Pontevedra | Concello | Oficina de contacto |
| Salceda de Caselas | Pontevedra | Concello | Oficina de contacto |
| San Sadurniño | A Coruña | Concello | Oficina de contacto |

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 15 de xuño de 2009 pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos polo réxime ordinario, por curso completo e en modalidade presencial, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano académico 2009-2010.*

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia, e o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, recoñécenlle á nosa comunidade autónoma as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en todos os niveis e graos, modalidades e especialidades, consonte os preceptos emanados da Constitución e das leis que lle sexan de aplicación, competencias que foron asumidas polo Decreto 114/1982, do 1 de setembro, e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no seu artigo 2.

No marco destas competencias, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten propósito de actualizar a cualificación dos cidadáns e das cidadás e persegue como un dos obxectivos básicos para a formación profesional o de dar unha resposta puntual e axeitada ás necesidades de formación profesional provenientes do mundo produtivo.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 39.2º que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar os alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas.

Neste contexto, a necesidade de manter en todo momento actualizada a oferta educativa dos centros xustifica a súa revisión periódica, de xeito que o alumnado que remate o ensino secundario obrigatorio e as modalidades de bacharelato, así como as persoas adultas, posúan unha oferta de ciclos formativos de graos medio e superior diversificada e adaptada ás súas necesidades e ás demandas do mercado laboral.

De acordo coas competencias que ten conferidas, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

*DISPÓN:*

Artigo 1º

Actualízase o oferta educativa dos ciclos formativos de formación profesional polo réxime ordinario, por curso completo en modalidade presencial, a partir do curso 2009-2010, nos centros relacionados no anexo. O Fondo Social Europeo cofinancia nun 80% os gastos de funcionamento e de profesorado naqueles ciclos formativos relacionados coa sociedade da información e da comunicación.

Artigo 2º

Requírese un número mínimo de oito solicitudes de matrícula admitidas por cada centro educativo nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e de seis solicitudes en cada centro do resto de Galicia, para cada un dos ciclos formativos de grao medio ou superior. Un número menor de solicitudes exixe a autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para pór en funcionamento esta ensinanza e, mentres que non se dispoña desta autorización, non se poderá formalizar matrícula ningunha. A condición do número mínimo de alumnado débeselles comunicar ás persoas interesadas no momento da súa preinscrición.

Artigo 3º

Naqueles centros en que estean autorizados dous grupos do mesmo ciclo deberán cubrir o total de prazas do primeiro grupo antes de pór en funcionamento o segundo grupo. Neste caso terase en conta o número mínimo de oito ou seis solicitudes, segundo se indica no artigo anterior.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízanse a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, e a Secretaría Xeral para adoptaren as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

*ANEXO*

**Oferta autorizada para o curso 2009-2010**

A Coruña

| Concello | Código centro | Centro | Código ciclo | Ciclo |
|---|---|---|---|---|
| Arteixo | 15023314 | IES de Sabón | CM02001 | Condución de actividades físico-deportivas no medio natural |
| | | | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| Arzúa | 15027733 | IES de Arzúa | CM01001 | Traballos forestais e conservación do medio natural |
| | | | CS01002 | Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| Bergondo | 15001033 | CFEA de Guísamo | CM01002 | Xardinaría |
| | | | CM01004 | Explotacións agrícolas intensivas |
| Betanzos | 15001136 | IES Francisco Aguiar | CS06002 | Xestión comercial e márketing |
| | | | CS11003 | Información e comercialización turísticas |
| | 15001148 | IES As Mariñas | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CM16002 | Electromecánica de vehículos |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| | | | CS08001 | Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción |
| | | | CS09001 | Instalacións electrotécnicas |
| | | | CSTMV01 | Automoción |
| Boiro | 15026698 | IES Espiñeira | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CM09001 | Equipos electrónicos de consumo |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| Boqueixón | 15013254 | CFEA de Sergude | CM01001 | Traballos forestais e conservación do medio natural |
| | | | CM01003 | Explotacións agrarias extensivas |
| | | | CS01001 | Xestión e organización de empresas agropecuarias |

| Concello | Código centro | Centro | Código ciclo | Ciclo |
|---|---|---|---|---|
| Cambre | 15027873 | IES Afonso X O Sabio | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| Carballo | 15002581 | IES Alfredo Brañas | CM06001 | Comercio |
| | 15002591 | IES Monte Neme | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CM09001 | Equipos electrónicos de consumo |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMFME01 | Mecanizado |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| | | | CS09002 | Desenvolvemento de produtos electrónicos |
| | 15027307 | IES Isidro Parga Pondal | CS14002 | Administración de sistemas informáticos |
| Cedeira | 15026376 | IES Punta Candieira | CM06001 | Comercio |
| | | | CM17002 | Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| | | | CS17002 | Mantemento de equipo industrial |
| Cee | 15003212 | IES Agra de Raíces | CM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría |
| | 15003224 | IES Fernando Blanco | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CM16002 | Electromecánica de vehículos |
| | | | CM17002 | Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| Coruña, A | 15004204 | IES Calvo Sotelo | CM05002 | Impresión en artes gráficas |
| | | | CM05003 | Preimpresión en artes gráficas |
| | | | CM15001 | Fabricación á medida e instalación de carpintaría e moble |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMFME01 | Mecanizado |
| | | | CMFME02 | Soldadura e caldeiraría |
| | 15005221 | IES Eusebio da Guarda | CS11001 | Axencias de viaxes |
| | | | CS11003 | Información e comercialización turísticas |
| | 15005233 | IES Agra do Orzán | CS02002 | Animación de actividades físicas e deportivas |
| | 15005257 | IES Ramón Menéndez Pidal | CM06001 | Comercio |
| | | | CS06001 | Comercio internacional |
| | | | CS06002 | Xestión comercial e márketing |
| | 15005269 | IES Urbano Lugrís | CM09001 | Equipos electrónicos de consumo |
| | | | CM17002 | Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas |
| | | | CS09001 | Instalacións electrotécnicas |
| | | | CS09002 | Desenvolvemento de produtos electrónicos |
| | | | CS09003 | Sistemas de regulación e control automáticos |
| | | | CS09004 | Sistemas de telecomunicación e informáticos |
| | 15005397 | IES Fernando Wirtz Suárez | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CMIFC01 | Sistemas microinformáticos e redes |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| | | | CS04002 | Secretariado |
| | | | CS14001 | Desenvolvemento de aplicacións informáticas |
| | | | CS14002 | Administración de sistemas informáticos |
| | 15022607 | CIFP Ánxel Casal-Monte Alto | CM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría |
| | | | CM20001 | Atención sociosanitaria |
| | | | CMSAN02 | Farmacia e parafarmacia |
| | | | CS19001 | Anatomía patolóxica e citoloxía |
| | | | CS19002 | Saúde ambiental |
| | | | CS19003 | Dietética |
| | | | CS19005 | Hixiene bucodental |
| | | | CS19006 | Imaxe para o diagnóstico |
| | | | CS19007 | Laboratorio de diagnóstico clínico |
| | | | CS19009 | Próteses dentais |
| | | | CS19010 | Radioterapia |
| | | | CS20001 | Animación sociocultural |
| | | | CS20003 | Integración social |
| | | | CS20004 | Interpretación da lingua de signos |
| | | | CSSAN01 | Audoloxía protésica |
| | | | CSSSC01 | Educación infantil |
| | 15024513 | CIFP Someso | CM12002 | Estética persoal decorativa |
| | | | CM12003 | Perrucaría |
| | | | CM15001 | Fabricación á medida e instalación de carpintaría e moble |
| | | | CM16002 | Electromecánica de vehículos |
| | | | CMFME01 | Mecanizado |
| | | | CMFME02 | Soldadura e caldeiraría |
| | | | CMTMV01 | Carrozaría |
| | | | CS08001 | Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción |
| | | | CS08002 | Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas |
| | | | CS08003 | Realización e plans de obra |
| | | | CS12002 | Estética |
| | | | CS15002 | Produción de madeira e moble |
| | | | CSFME01 | Programación da produción en fabricación mecánica |
| | | | CSTMV01 | Automoción |

| Concello | Código centro | Centro | Código ciclo | Ciclo |
|---|---|---|---|---|
| | 15027770 | IES A Sardiñeira | CM18002 | Laboratorio |
| | | | CSQUI01 | Laboratorio de análise e de control de calidade |
| | | | CSQUI02 | Quimica industrial |
| | 15027800 | IES Imaxe e Son | CS07001 | Realización de audiovisuais e espectáculos |
| | | | CS07002 | Produción de audiovisuais, radio e espectáculos |
| | | | CS07003 | Imaxe |
| | | | CS07004 | Son |
| | 15027897 | IES Paseo das Pontes | CMHOT01 | Cociña e gastronomía |
| | | | CMHOT02 | Servizos en restauración |
| | | | CMTCP01 | Confección e moda |
| | | | CS11004 | Restauración |
| | | | CS13001 | Industria alimentaria |
| | | | CSTCP01 | Patronaxe e moda |
| Culleredo | 15005749 | IES Cruceiro Baleares | CM03003 | Operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque |
| | | | CM03004 | Pesca e transporte marítimo |
| | | | CM09001 | Equipos electrónicos de consumo |
| | | | CM17001 | Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CS02002 | Animación de actividades físicas e deportivas |
| | | | CS03001 | Navegación, pesca e transporte marítimo |
| | | | CS03003 | Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque |
| | | | CS09001 | Instalacións electrotécnicas |
| | | | CS09002 | Desenvolvemento de produtos electrónicos |
| | | | CS17004 | Prevención de riscos profesionais |
| | | | CSENA01 | Eficiencia enerxética e energía solar térmica |
| | | | CSIMA01 | Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos |
| | | | CSIMA02 | Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos |
| Curtis | 15022620 | IES de Curtis | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CM16002 | Electromecánica de vehículos |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMIFC01 | Sistemas microinformáticos e redes |
| Fene | 15032583 | CIFP de Fene | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CM09001 | Equipos electrónicos de consumo |
| | | | CM16002 | Electromecánica de vehículos |
| | | | CM17001 | Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor |
| | | | CM17002 | Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas |
| | | | CMFME02 | Soldadura e caldeiraría |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| | | | CS09003 | Sistemas de regulación e control automáticos |
| | | | CS09004 | Sistemas de telecomunicación e informáticos |
| Ferrol | 15006730 | IES Sofía Casanova | CS11001 | Axencias de viaxes |
| | | | CSSSC01 | Educación infantil |
| | 15006742 | IES Concepción Arenal | CM18002 | Laboratorio |
| | | | CS18002 | Química ambiental |
| | 15006754 | IES Marqués de Suanzes | CM09001 | Equipos electrónicos de consumo |
| | | | CM15001 | Fabricación á medida e instalación de carpintaría e moble |
| | | | CM16002 | Electromecánica de vehículos |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMFME01 | Mecanizado |
| | | | CMFME02 | Soldadura e caldeiraría |
| | | | CMTMV01 | Carrozaría |
| | | | CS09001 | Instalacións electrotécnicas |
| | | | CS09002 | Desenvolvemento de produtos electrónicos |
| | | | CS10002 | Desenvolvemento de proxectos mecánicos |
| | | | CSFME02 | Construcións metálicas |
| | | | CSTMV01 | Automoción |
| | 15006778 | CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CM06001 | Comercio |
| | | | CMIFC01 | Sistemas microinformáticos e redes |
| | | | CS02002 | Animación de actividades físicas e deportivas |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| | | | CS04002 | Secretariado |
| | | | CS06002 | Xestión comercial e márketing |
| | | | CS08001 | Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción |
| | | | CS08002 | Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas |
| | | | CS14001 | Desenvolvemento de aplicacións informáticas |
| | | | CS14002 | Administración de sistemas informáticos |

| Concello | Código centro | Centro | Código ciclo | Ciclo |
|---|---|---|---|---|
| | 15006791 | IES Saturnino Montojo | CM07001 | Laboratorio de imaxe |
| | 15021469 | IES Leixa | CM05002 | Impresión en artes gráficas |
| | | | CM05003 | Preimpresión en artes gráficas |
| | | | CM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría |
| | | | CMSAN02 | Farmacia e parafarmacia |
| | | | CS05001 | Deseño e produción editorial |
| | | | CS19003 | Dietética |
| | | | CS19007 | Laboratorio de diagnóstico clínico |
| | 15025645 | IES Ricardo Carballo Calero | CM12002 | Estética persoal decorativa |
| | | | CM12003 | Perrucaría |
| | | | CS12002 | Estética |
| | 15028038 | ESCO Náutico-Pesqueira | CS03001 | Navegación, pesca e transporte marítimo |
| | | | CS03003 | Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque |
| Melide | 15008817 | IES de Melide | CM15001 | Fabricación á medida e instalación de carpintaría e moble |
| Muros | 15026388 | IES Fontexería | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| Narón | 15026455 | IES Terra de Trasancos | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CM09001 | Equipos electrónicos de consumo |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| Negreira | 15026391 | IES Xulián Magariños | CM06001 | Comercio |
| | | | CS14002 | Administración de sistemas informáticos |
| Noia | 15010812 | IES Virxe do Mar | CM07001 | Laboratorio de imaxe |
| | 15026731 | IES Campo de San Alberto | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CM09001 | Equipos electrónicos de consumo |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| | | | CS19007 | Laboratorio de diagnóstico clínico |
| Oleiros | 15027228 | IES María Casares | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| Ordes | 15027782 | IES Nº 1 | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CM16002 | Electromecánica de vehículos |
| Ortigueira | 15020544 | IES de Ortigueira | CM15001 | Fabricación á medida e instalación de carpintaría e moble |
| Padrón | 15023090 | IES Macías o Namorado | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| | | | CS09003 | Sistemas de regulación e control automáticos |
| Pobra do Caramiñal, A | 15025530 | IES da Pobra do Caramiñal | CM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría |
| | | | CS19003 | Dietética |
| Ponteceso | 15026406 | IES de Ponteceso | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CM16002 | Electromecánica de vehículos |
| Pontedeume | 15025682 | IES Fraga do Eume | CMHOT01 | Cociña e gastronomía |
| | | | CMHOT02 | Servizos en restauración |
| | | | CMINA01 | Panadaría, repostaría e confeitaría |
| | | | CS11004 | Restauración |
| Pontes de García Rodríguez, As | 15021767 | IES Castro da Uz | CM09001 | Equipos electrónicos de consumo |
| | | | CM16002 | Electromecánica de vehículos |
| | | | CMIFC01 | Sistemas microinformáticos e redes |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| | | | CS09002 | Desenvolvemento de produtos electrónicos |
| | 15025694 | IES Moncho Valcarce | CSQUI01 | Laboratorio de análise e de control de calidade |
| Porto do Son | 15027691 | IES de Porto do Son | CM02001 | Condución de actividades físico-deportivas no medio natural |
| Rianxo | 15026807 | IES Félix Muriel | CM20001 | Atención sociosanitaria |
| Ribeira | 15014556 | IES Coroso | CM16002 | Electromecánica de vehículos |
| | | | CM17001 | Montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMTMV01 | Carrozaría |
| | | | CS09001 | Instalacións electrotécnicas |
| | | | CSTMV01 | Automoción |
| | 15027711 | IES Leliadoura | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| | | | CS14001 | Desenvolvemento de aplicacións informáticas |
| | | | CS14002 | Administración de sistemas informáticos |
| | 15027812 | ESCO Oficial Náutico-Pesqueira | CM03003 | Operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque |
| | | | CS03003 | Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque |
| Santa Comba | 15026030 | IES Terra de Xallas | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| Santiago de Compostela | 15015743 | IES Arcebispo Xelmírez I | CM07001 | Laboratorio de imaxe |
| | 15015755 | IES Rosalía de Castro | CS02002 | Animación de actividades físicas e deportivas |
| | | | CS11001 | Axencias de viaxes |
| | | | CS11003 | Información e comercialización turísticas |
| | | | CS11005 | Animación turística |

| Concello | Código centro | Centro | Código ciclo | Ciclo |
|---|---|---|---|---|
| | 15015767 | CIFP Politécnico de Santiago | CM09001 | Equipos electrónicos de consumo |
| | | | CM15001 | Fabricación á medida e instalación de carpintaría e moble |
| | | | CM16002 | Electromecánica de vehículos |
| | | | CM18002 | Laboratorio |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMFME02 | Soldadura e caldeiraría |
| | | | CMTMV01 | Carrozaría |
| | | | CS09001 | Instalacións electrotécnicas |
| | | | CS09002 | Desenvolvemento de produtos electrónicos |
| | | | CS09004 | Sistemas de telecomunicación e informáticos |
| | | | CS18002 | Química ambiental |
| | | | CSFME02 | Construcións metálicas |
| | | | CSQUI01 | Laboratorio de análise e de control de calidade |
| | | | CSTMV01 | Automoción |
| | 15016000 | CIFP Compostela | CM05002 | Impresión en artes gráficas |
| | | | CM05003 | Preimpresión en artes gráficas |
| | | | CM20001 | Atención sociosanitaria |
| | | | CMHOT01 | Cociña e gastronomía |
| | | | CMHOT02 | Servizos en restauración |
| | | | CMINA01 | Panadaría, repostaría e confeitaría |
| | | | CS11004 | Restauración |
| | | | CSHOT01 | Xestión de aloxamentos turísticos |
| | | | CSSSC01 | Educación infantil |
| | 15021482 | IES San Clemente | CMIFC01 | Sistemas microinformáticos e redes |
| | | | CS14001 | Desenvolvemento de aplicacións informáticas |
| | | | CS14002 | Administración de sistemas informáticos |
| | 15023466 | IES Lamas de Abade | CM12002 | Estética persoal decorativa |
| | | | CM12003 | Perrucaría |
| | | | CM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría |
| | | | CMSAN02 | Farmacia e parafarmacia |
| | | | CS12002 | Estética |
| | | | CS19001 | Anatomía patolóxica e citoloxía |
| | | | CS19002 | Saúde ambiental |
| | | | CS19004 | Documentación sanitaria |
| | | | CS19009 | Próteses dentais |
| | 15026753 | IES A Pontepedriña | CM06001 | Comercio |
| | | | CS06001 | Comercio internacional |
| | | | CS06002 | Xestión comercial e márketing |
| | | | CS20001 | Animación sociocultural |
| | 15027058 | IES As Fontiñas | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| | | | CS04002 | Secretariado |
| | | | CS08001 | Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción |
| | | | CS08002 | Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas |
| Vimianzo | 15026418 | IES Terra de Soneira | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| Zas | 15027368 | IES Maximino Romero de Lema | CMIFC01 | Sistemas microinformáticos e redes |

## Lugo

| Concello | Código centro | Centro | Código ciclo | Ciclo |
|---|---|---|---|---|
| Becerreá | 27000617 | CFEA Alta Montaña | CM01001 | Traballos forestais e conservación do medio natural |
| | | | CS01002 | Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos |
| | 27016315 | IES de Becerreá | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| Burela | 27013934 | IES Perdouro | CM04001 | Xestión administrativa |
| | | | CM09001 | Equipos electrónicos de consumo |
| | | | CM12003 | Perrucaría |
| | | | CMFME01 | Mecanizado |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| | | | CS09002 | Desenvolvemento de produtos electrónicos |
| | 27013958 | IES Monte Castelo | CM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría |
| | | | CS02002 | Animación de actividades físicas e deportivas |
| | | | CS19002 | Saúde ambiental |
| Castro de Rei | 27015891 | IES da Terra Chá, José Trapero Pardo | CM01003 | Explotacións agrarias extensivas |
| | | | CS01002 | Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos |
| Chantada | 27003175 | IES Val do Asma | CM16002 | Electromecánica de vehículos |
| | | | CS04001 | Administración e finanzas |
| Foz | 27020562 | IES de Foz | CM06001 | Comercio |
| | | | CMHOT01 | Cociña e gastronomía |
| | | | CMHOT02 | Servizos en restauración |
| | | | CS11004 | Restauración |
| | | | CS14001 | Desenvolvemento de aplicacións informáticas |

| Concello | Código centro | Centro | Código ciclo | Ciclo |
|---|---|---|---|---|
| Lugo | 27006516 | IES Politécnico de Lugo | CM09001 | Equipos electrónicos de consumo |
| | | | CM15001 | Fabricación á medida e instalación de carpintaría e moble |
| | | | CM19001 | Coidados auxiliares de enfermaría |
| | | | CMELE01 | Instalacións eléctricas e automáticas |
| | | | CMFME01 | Mecanizado |
